

## ORDENACIÓN E CURRÍCULO BACHARELATO

### PROPOSTA DE DISTRIBUCIÓN HORARIA DO STEG

	Proposta consellaría	Proposta STEG (1)	Proposta STEG (2)
<b>1º CURSO</b>			
Ciencias para o mundo contemporáneo	3	3	3
Educación física	1	2	2
Filosofía e cidadanía	2	3	3
Lingua castelá	3	3	3
Lingua galega	3	3	3
Lingua estranxeira	3	3	3
Relixión	1	0	0
De modalidade	3x4	3x4	3x4
Optativa	4	3	3
<b>TOTAL</b>	32	32	32
<b>2º CURSO</b>			
Historia de España	3	3	3
Historia da filosofía	3	3	3
Lingua castelá	3	3	3
Lingua galega	3	3	3
Lingua estranxeira	3	3	3
Relixión	1	0	2
De modalidade	3x4	3x4	3x4
Optativa	4	3	3
Titoría (técnicas de estudo+preparación para a selectividade)		2	
<b>TOTAL</b>	32	32	32

#### Explicación das propostas:

Criterios comúns:

- Reducir a 3 horas a carga horaria das optativas, equiparándoas coas comúns, algo que non consideramos lesivo dado que ao non entrar en selectividade convértense en materias de menor importancia desde a óptica do alumnado.
- Que as materias comúns teñan, con carácter xeral, 3 horas.

#### 1º proposta:

- Ofertar relixión fora do horario obrigatorio do alumnado, (tal e como se propón no anteproxecto presentado pola "Consejería" de Asturias)
- En 2º, dedicar dúas horas semanais á titoría (serviría para mellorar as técnicas de estudo e tamén como preparación para a selectividade). De non ser viable isto, podería incrementarse o horario de Historia de España e de outra materia común ou mesmo da optativa.

#### 2º proposta

No caso de que xuridicamente sexa inviable a 1º proposta:

- Concentrar as dúas horas de Relixión en 2º, tendo como alternativa técnicas de estudo ou estudo con apoio docente para preparar a selectividade.

Ademais presentamos as seguintes demandas:

- Que aparezan no borrador **correspondencias entre Departamentos e materias**.
- Que se **concreten as optativas** e a que departamento está adscritas.
- Reclamar que todos os centros **ofrezan dúas modalidades como mínimo**.  
Ofertar a modalidade de artes nas 7 cidades e nas comarcas que sexa necesario para que o alumnado poida desprazarse.
- **Supresión da Disposición transitoria terceira** na que se fai referencia a que só se ofertará Tecnoloxía Industrial nos centros nos que haxa os recursos necesarios, independentemente de si hai alumnado ou non.
- Demandamos que **Música** se oferte como optativa nos dous cursos e que **Historia da Música** se oferte como optativa en todas as modalidades.
- Así mesmo, demandamos, que a **Educación Física** se oferta como optativa en 2º